



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2021/G010/000006

CERTIFICACIÓN

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo que deseguido transcribo:

O Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do mércores 9 de xuño de 2021, aprobou o seguinte ACORDO:

EXPEDIENTE 2021/U032/000001. Modificación puntual Nº 4 das NNSS de 1996: "Regulación das condicións de posición con respecto ó viario". Aprobación inicial

Trámite: proposta de aprobación inicial

ANTECEDENTES:

1. Con data do 22 de xaneiro de 2021, O Concello de Boqueixón enviou un oficio a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no que se solicita o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica do proxecto de referencia, ó abeiro da redacción actual da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), e da redacción actual do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG (en diante, RLSG). Coa solicitude acompañouse a seguinte documentación:

- Documento ambiental estratéxico, asinado polo arquitecto D. Isidro López Yáñez.
- Borrador do PEIIDD, asinado polo arquitecto D. Isidro López Yáñez.

2. Con data do 19 de abril de 2021, (RE nº2021/90244), recíbese notificación da Resolución, emitida con data do 16.04.2021, pola que se formula o informe ambiental estratéxico da Modificación Puntual nº4 das NNSS de 1996 do Concello de Boqueixón, para regulación das condicións de posición con respecto ao viario, pola que se resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o devandito PEIIDD.

Non obstante, deberanse integrar no documento de planeamento as determinacións indicadas nos informes emitidos no período de consultas previas.

O obxectivo do presente documento é a regulación das condicións de posición con respecto ó viario no solo non urbanizable, para as vías tipo III, tipo IV e V, establecidas no título IV capítulo I da Normativa das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (en adiante NNSS). Dita modificación obedece á necesidade de integración dos viais nos núcleos de poboación e a súa contorna próxima, á actualización á lexislación vixente, Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en diante LSG, e ao PXOM en tramitación.

Ditas normas recobraron vixencia cinco anos despois de ser substituídas polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, en diante PXOM, aprobado definitivamente en data do 6 de febreiro de 2015, ao abeiro da LOUGA. Este viuse anulado integramente por mor da sentenza STS 548/2020, en maio do 2020, tras un recurso interposto por Telefónica de España S.A.U., a razón da falta de solicitude do preceptivo informe favorable do Ministerio de Industria, Enerxía e turismo que exige o artigo 35.2 da Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de



Telecomunicacións.

O recobro de vixencia das NNSSPP logo de estarse aplicando o PXOM por un período de 5 anos, está a ocasionar disfuncións, a día de hoxe, entre outras cuestións, no referido ao recuado dos peches ós viais. Esta situación é claramente entendible, posto que, o PXOM establecía menores distancias de recuado para os camiños municipais e sendas, polo que as respectivas licenzas de peches, nestes últimos anos, foron concedidas en base a ditos criterios. Por este motivo, a realidade existente executada ó amparo do PXOM e a volta as NNSSPP tras o decaemento deste non coinciden.

Como se pode comprobar, a anulación do PXOM leva consigo aparelada o incremento de distancias entre peches para as vías Tipo III, no solo non urbanizable común, de protección e de núcleo rural (Solo de núcleo rural e solo rústico):

- Para o solo non urbanizable de núcleo rural (Solo de núcleo rural), prodúcese un incremento de 8 m na distancia entre peches (sección do vial), sendo de 4 m o incremento da distancia do peche con respecto ó eixo do vial.
- Para o solo non urbanizable de protección (Solo rústico de protección), prodúcese un incremento de 2 m na distancia entre peches (sección do vial), sendo de 1 m o incremento da distancia do peche ó eixo do vial.

No que respecta ás vías de Tipo IV e Tipo V no solo non urbanizable de núcleo rural (Solo de núcleo rural), a anulación do PXOM leva consigo aparelada unha diminución da distancia entre peches, sendo estas, a súa vez, menores ao establecido no Art.92. Protección das vías de circulación da LSG.

- Para as vías de Tipo IV, prodúcese unha diminución de 2 m na distancia entre peches (sección do vial), sendo de 1 m a diminución da distancia do peche con respecto ó eixo do vial.
- Para as vías de Tipo V, prodúcese unha diminución de 3 m na distancia entre peches (sección do vial), sendo de 1,50 m a diminución da distancia do peche con respecto ó eixo do vial.

No referido ás vías anteriores, Tipo IV e Tipo V, no solo non urbanizable común e de protección (Solo rústico), o decaemento do PXOM supón un incremento de distancias entre peches:

- Para as vías de Tipo IV, prodúcese un incremento de 2 m na distancia entre peches (sección do vial), sendo de 1 m o incremento da distancia do peche ó eixo do vial.
- Para as vías de Tipo V, prodúcese un incremento de 2 m na distancia entre peches (sección do vial), sendo de 1 m o incremento da distancia do peche ó eixo do vial.

Estas dimensións, tras o estudo dos viais e o seu espazo inmediato efectuado na presente memoria, obsérvanse que non coinciden coa realidade do concello para os viais Tipo III, Tipo IV e Tipo V.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

1 Xustificación da modificación. Motivos de interese público.

A MP4 pretende corrixir, no que ás distancias de recuado para os camiños municipais e sendas se refire.

Deste xeito dáse unha nova redacción aos seguintes artigos das NNSS que quedarían redactados do seguinte xeito:

ARTICULO 56. CONDICIONES DE LA RED DE CARRETERAS (...)



3.- Vías tipo III. Carreteras locales. En suelo no urbanizable, el retranqueo de los cierres a los ejes de estas vías, serán como mínimo de 5 m, y las líneas de edificación se situarán a 8 m como mínimo del eje. No obstante, podrá autorizarse una reducción en zonas de cierres y edificaciones tradicionales consolidadas, así como en tramos de viarios antiguos o “rueiros” consolidados con fisionomía tradicional desde el punto de vista de la identidad cultural o urbanística, siendo en estos casos primordial el mantenimiento de la sección del viario tradicional. Las distancias anteriores, no afectarán a los elementos protegidos, recogidos en el Catálogo del PXOM anulado, no quedando en ningún caso en situación de fuera de ordenación. Lo anteriormente expuesto, será de aplicación independientemente de lo establecido en los artículos 21, 22, 23 y 26 de la normativa de las Normas Subsidiarias.

ARTICULO 57. CONDICIONES DEL SISTEMA LOCAL VIARIO

1.- En el territorio se considerarán como vías tipo IV el conjunto de caminos complementarios a la red de carreteras que da acceso a las zonas de cultivo y facilita las relaciones de los núcleos. Las líneas de cierre se situarán a 4 m del eje. No obstante, podrá autorizarse una reducción en zonas de cierres y edificaciones tradicionales consolidadas, así como en tramos de viarios antiguos o “rueiros” consolidados con fisionomía tradicional desde el punto de vista de la identidad cultural o urbanística, siendo en estos casos primordial el mantenimiento de la sección del viario tradicional. En los núcleos rurales, el derribo o demolición de muros tradicionales de calles o corredores, así como la demolición de las construcciones existentes con valor arquitectónico, histórico o etnográfico, está terminante prohibido. 2.- El resto de caminos y sendas de uso y dominio públicos en el territorio se considerarán como vías tipo V. Las líneas de cierre de parcela se situarán como mínimo a 4 m del eje. No obstante, podrá autorizarse una reducción en zonas de cierres y edificaciones tradicionales consolidadas, así como en tramos de viarios antiguos o “rueiros” consolidados con fisionomía tradicional desde el punto de vista de la identidad cultural o urbanística.

En los núcleos rurales, el derribo o demolición de muros tradicionales de calles o corredores, así como la demolición de las construcciones existentes con valor arquitectónico, histórico o etnográfico, está terminante prohibido.

3.- La red viaria local en suelo urbano queda definida en los planos correspondientes de estas normas subsidiarias de planeamiento.

4.- Las distancias anteriores, no afectarán a los elementos protegidos, recogidos en el Catálogo del PXOM anulado, no quedando en ningún caso en situación de fuera de ordenación.

5.- Lo anteriormente expuesto, será de aplicación independientemente de lo establecido en los artículos 21, 22, 23 y 26 de la normativa de las Normas Subsidiarias.

2 Tramitación

A Lei 2/2016 do solo de Galicia no artigo 83 indica que *a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaráanse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.*

De acordo co artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia: *O Concello, logo do informe dous servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e*



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2021/G010/000006

someterá ou documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará non Diario Oficial de Galicia e nun dous xornais de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído un resumo executivo.

O Concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, ou cal dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos non prazo de tres meses, transcorrido este, entenderase emitidos con carácter favorable.

Cumpridos os trámites anteriores, ou órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao Concello ou seu resultado, e poderase continuar ou procedemento.

O Concello deberá solicitar, non momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

3 Condicións sectoriais impostas

3.1 Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

1. Razóns de interese público da modificación. O axuste da norma urbanística á realidade actual e á lexislación vixente pode conceptuarse como de interese público para os efectos da formulación da modificación (artigo 83.1 da LSG).

2. Réxime legal do solo. A disposición transitoria primeira 2.d) da LSG, aplicable ao planeamento municipal vixente no Concello de Boqueixón (NSP), establece que ao solo non urbanizable ou rústico se lle aplicará o disposto nesa lei para o solo rústico. En consecuencia, nestes intres xa non resultan aplicables as disposicións das NSP vixentes que afectan ao solo rústico, polo que non resulta procedente á súa modificación mais que para a súa adaptación íntegra ao contido da LSG, de acordo ao principio de axuste á lexislación vixente que promulga a propia xustificación da modificación.

3. De acordo coa Orde do 10/10/2019 da CMATV (DOG do 25/11/2019), que aproba as normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, o proxecto de modificación axustarase ao regulado nestas normas técnicas.

3.2 Instituto de Estudos do Territorio

A Modificación puntual nº 4 das Normas subsidiarias de planeamento (NSP) de Boqueixón, regulación das condicións de posición con respecto ao viario non producirá efectos significativos sobre a paisaxe.

Con todo, de acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, a modificación deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado ao alcance daquela e específico para o lugar (directriz de paisaxe DX.03). Neste caso, o obxecto do estudo será concretar a congruencia das disposicións da modificación co carácter e a morfoloxía das paisaxes afectadas, en atención ás características do viario e os elementos construídos que o delimitan.

Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 e o artigo 41.1 do Regulamento da Lei 7/2008, tras a



súa aprobación inicial, esta modificación deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

3.3 Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Considérase positiva a modificación da normativa proposta na MP, coa que se reducen as distancias establecidas nas NSP para os viais locais, camiños complementarios e sendas, na procura do mantemento da identidade rural dos documento achegado:

- a. O documento deberá indicar a vixencia do Catálogo de elementos protexidos do PXOM anulado, lembrando que as aliñacións non afectarán aos elementos protexidos, e que en ningún caso estes poderán quedar en situación de fóra de ordenación. Ademais lembrarase o sometemento ao réxime de autorizacións da LPCG nas futuras actuacións que se leven a cabo, derivadas desta MP, que afecten aos bens protexidos ou aos seus contornos de protección.
- b. A normativa da MP engade para as vías tipo IV e V que “podrá autorizarse una reducción en zonas de cierres y edificaciones tradicionales consolidadas, así como en tramos de viarios antiguos o rúeiros consolidados con fisionomía tradicional desde el punto de vista de la identidad cultural o urbanística”. Debería incluírse que o mantemento da sección do viario tradicional deberá ser a opción principal naqueles puntos nos que existan elementos ou unha estrutura de valor cultural.

Por outra banda, establécese de xeito diferenciado a prohibición do derrubo de “muros tradicionais” ou de “construcións tradicionais” nos núcleos rurais, segundo se trate de vías de tipo IV ou tipo V. A súa conservación debería garantirse no conxunto do viario rural. No obxectivo desta MP de adaptarse á vixente LSG, o artigo 26 da dita lei establece a prohibición nos núcleos rurais da ampliación de pistas, rúas ou camiños e “o derrubamento de muros tradicionais dos rúeiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice”, así como a demolición das construcións existentes con valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

4 Fundamentos legais / valoración xurídica

4.1 Normativa examinada

Real Decreto Legislativo 7/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana

Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia

Lei 21/2013 do 9 de decembro, de avaliación ambiental

Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)

Lei 9/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

Públicas (LPACAP)

O resto de disposicións que poidan afectar a esta modificación.



4.2 Ámbito, obxecto e alcance da Modificación puntual

Propónse a regulación das condicións de posición con respecto ó viario, Tipo III, Tipo IV e Tipo V, para o solo non urbanizable. Con carácter xeral, para as vías Tipo IV e Tipo V, definidas nas NNSSPP como conxunto de camiños complementarios á rede de estradas que da acceso ás zonas de cultivo e facilita as relacións dos núcleos (Tipo IV) e resto de camiños e sendas de uso e dominio públicos (Tipo V), propónse unha distancia de peches de 4 m ao eixo da vía a que da fronte (Art.92. Protección das vías de circulación da LSG). Con estas condicións de posición, obteríanse viais de acceso e de relación dunha sección que facilitaría unha zona de 6 m de rodadura e dúas zonas de 1 metro a cada lado, destinadas a zonas peonís. Para as vías Tipo III, definidas nas NNSSPP como estradas locais, propónse unha distancia entre peches de 5 m ao eixe. Con estas condicións de posición, obteríase unha sección de viario de 10 m, o que facilitaría unha zona de rodadura de 7 m e dúas zonas de 1,5 m a cada lado, destinadas a zonas peonís. Con elo considerase que se obtén unha rede viaria máis que suficiente para o tráfico rodado e o tránsito peonil do concello, sen ocasionar grandes movementos de terra para a constitución ou reforma da plataforma ou rasante de rodadura. A súa vez, mantense a escala e a fisionomía tradicional dos asentamentos e a súa contorna próxima, en canto a rede de acceso. Todo elo, sen prexuízo de reducións en base ao carácter tradicional das construcións ou dos peches colindantes, así como tramos de viarios antigos ou “rueiros” consolidados con fisionomía tradicional dende o punto de vista da identidade cultural ou urbanística. En atención a isto, a modificación é plenamente compatible co fixado da lexislación vixente.

4.3 Razóns de interese público para a Modificación Puntual

Coa aplicación desta proposta de modificación do planeamento, manterase con maior eficacia a identidade da imaxe rural do asentamento e do entorno próximo. Consecuentemente, non se ocasionan viais de ancho desproporcionados, que, ademais de non garantir por si mesmos a continuidade efectiva da rede, provocan, pola contra, discontinuidades illadas na traza, a non conservación de peches e/ou edificacións tradicionais.

Acreditarse unha solución que permite una mellor operatividade e funcionalidade da rede viaria, tanto nos núcleos rurais como no resto do municipio.

Axústanse as condicións de posición á realidade existente. Aproximando estas ao establecido no PXOM en tramitación.

4.4 Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación supra relacionada e da ordenación proposta, informou en data 09.04.2019 a arquitecta municipal xefa da área de Barrios históricos no que conclúen sobre o cumprimento da documentación da Modificación do PXOU presentada da normativa urbanística e sectorial de aplicación e no que atinxe unicamente ao análise da documentación presentada dende un punto de vista formal, concluíndo que a documentación está completa;
Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente modificación puntual, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, remitíase dilixencia ao Interventor xeral, tal e como se indicou nas alíneas precedentes.

4.5 Procedemento de tramitación



exp. 2021/G010/000006

As modificacións de calquera dos elementos dos plans suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, tal e como pauta, a este respecto o artigo 83.5 da LSG; No suposto que nos ocupa de Modificación das NNSS o procedemento de aprobación seguira o previsto no artigo 60 da LSG, do xeito que segue:

- Aprobación inicial da MP4, polo órgano municipal competente, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, e sometemento a información pública, durante un prazo mínimo de dous (2) meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Asemade efectuarase a publicidade telemática do anuncio de sometemento a información pública na sede electrónica do Concello de Boqueixón.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado.

- O órgano municipal competente unha vez obtido informe favorable de todas as administracións e despois de que os servizos xurídicos e técnicos municipais emitan informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente, remitirá o expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido a consellería competente en materia de urbanismo, quen no prazo de tres meses emitirá informe preceptivo e vinculante respecto das cuestións da súa competencia.
- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Polas singularidades concorrentes na MP que nos ocupa, deberan recadarse trala aprobación inicial deste instrumento cando menos, o informe vinculante da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en virtude do pautado no artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia, Instituto de Estudos do Territorio e Secretaría Xeral de Urbanismo.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

4.6 Aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimamente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben esta é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión, ou incluso incorrecto



exp. 2021/G010/000006

cumprimento, provocan un vicio determinante de anulabilidade do procedemento (artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas). A súa vez dito acto de aprobación inicial, implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e da súa normativa.

4.7 Suspensión de licenzas

De conformidade co previsto no artigo 47.2 da LSG o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso no que as novas determinacións do mesmo supuxeran a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinarase expresamente as áreas afectadas pola suspensión. Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende dita aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento, se ben unicamente afectará a aquelas licenzas que foran desconformes coa nova ordenación proxectada.

4.8 Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente a Modificación puntual número 4 das Normas subsidiarias do Planeamento do Concello de Boqueixón para a regulación das condicións de posición con respecto ó viario corresponde o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 83.7 da LSG e 22.i) da LRBRL). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe a Secretaría-Intervención (artigos 54.1.b) do TRRL)

O acordo da aprobación inicial é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do previsto no artigo 112 da LPACAP.

En consecuencia, visto o que antecede, e de conformidade co informe técnico que obra no expediente, emitido pola arquitecta municipal con data do 25.05.2021 que se incorporan e forman parte do presente expediente e lle serven de motivación a presente proposta, consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro,

VOTACIÓN

Votos a favor: sete (7 de Partido Popular)
Votos en contra: ningún (0 votos)
Abstencións: catro (4 de Veciñ@s de Boqueixón)

ACORDO

PRIMEIRO. Prestar aprobación inicial á “Modificación puntual nº 4 das Normas subsidiarias do planeamento”, instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración que inclúe a documentación presentada no Rexistro electrónico do Concello de Boqueixón con data do 21 de maio de 2021 e número de rexistro: 202199900000329 e asinada dixitalmente con firma válida polo Director do equipo redactor Isidro López Yañez, arquitecto.

SEGUNDO. Someter a información pública o expediente polo prazo de dous meses mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Boqueixón, para os efectos de que durante o dito período poidan formularse as



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2021/G010/000006

alegacións e suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría-Intervención.

Durante o prazo de exposición pública do expediente recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación. Así mesmo e simultaneamente e polo mesmo prazo, se dará audiencia aos concellos limítrofes.

TERCEIRO. Acordar, consonte ao disposto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas nos ámbitos afectados no que resulte incompatible coa nova ordenación.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Boqueixón, na data da sinatura dixital.

O secretario-interventor, Dalmiro Núñez Méndez

O alcalde, Manuel Fernández Munín